



## CONVOCATORIA DO GRUPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Diante da situación pola que está a pasar a normalización da nosa lingua, posta de manifesto en reiteradas ocasións nos documentos de NEG, nomeadamente nos dous modelos para o ensino, o último deles no tempo o **Modelo de Normalización Lingüística para o sistema educativo galego** (marzo do 1.999), e máis recentemente coas diagnoses levadas a cabo por diferentes organismos, mesmamente pola propia Consellería de educación, podemos chegar á conclusión de que levamos moitos anos perdidos no necesario camiño normalizador e que cómpre facer algo dende a nosa asociación.

Logo de que a Xunta de Galicia promovese un acordo parlamentario unánime sobre un chamado Plano de Normalización Lingüística no que participaron sectores da sociedade relacionados coa lingua (curiosamente non foi chamada a nosa asociación, precisamente a que ten elaborados os únicos dous modelos para o ensino que existen aínda hoxe), dada a sensación fundada que algúns e algunhas temos de 'parto dos montes' (*xemen os montes de parto e paren un miserento rato*) e tamén a preocupación lóxica dos/as nosos/as asociados/as, que se puxo de manifesto a través dun inicio de debate por medio da lista de correo, pareceu conveniente que se iniciasen actuacións ó respecto por parte do secretariado.

Así, na dúas reunións celebradas por este órgano, acordouse que o grupo de normalización lingüística se reactivase e convocase a toda a asociación a unha xornada inicial de debate sobre o asunto e ás tomas de decisión oportunas para guiar as accións de NEG na dirección que se acorde.

Este é o motivo desta carta, o de convocar a todas e a todos a unha xunta, que se celebrará o vindeiro **sábado, día 12 de febreiro, ás 11 da mañá, na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago.**

Sabemos das dificultades que temos, nestes tempos ocupados que vivimos, para dispoñermos de tempo para outras cousas, e que o día escollido inevitablemente pode ser bo para algunhas persoas e caer do revés para outras. Porén, cremos que o motivo é o suficientemente importante para que asistamos e actuemos.

Pedimos desculpas por non nos ter dirixido a todos e a todas vós con anterioridade dende o secretariado e, na súa representación, recibide unha grande aperta.

Compostela, 25 de xaneiro do 2005.

O presidente

Xosé Lastra Muruais